



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MESÍA

Aprobación padrón fiscal da taxa pola recollida de lixo 2021

ANUNCIO

Mediante Decreto da Alcaldía de data do 8 de abril de 2021 aprobouse o Padrón fiscal da taxa polo servizo de recollida de lixo para o exercicio 2021, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ó da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo o Padrón estará a disposición dos interesados a efectos de reclamacións. Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a este, os contribuíntes e, en xeral, os interesados, poderán interpor os seguintes recursos:

1.- Reposición, perante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se no prazo dun mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

2.- Contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa. Se a resolución non fose expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado.

3.- Poderá interporse calquera outro recurso que os interesados consideren oportuno.

Mesía, a 8 de abril de 2020.

O alcalde,

D. Mariano Iglesias Castro.

2021/2828